

REUNIÓN COA CONSELLEIRA DE SANIDADE

Data: 20/05/2010

Lugar: Consellería de Sanidade. Edificio Administrativo San Lázaro. Santiago de Compostela.

Asistentes:

Pola Consellería de Sanidade:

Pilar Farjas Abadía, Conselleira de Sanidade.

Nieves Domínguez González, Directora Xeral de Asistencia Sanitaria.

Pola Asociación Galega de enfermería Familiar e Comunitaria (AGEFEC):

Manuel Vidal Fernández Fernández, presidente.

Elena Yáñez González, secretaria.

Inés Míguez López, socia.

Temas tratados:


Reunión informal, sen orden do día concreto, que se produciu por expresa petición da Conselleira. De forma natural e espontánea falouse dos seguintes temas:

1. Agradecemento por parte da AGEFEC da presenza da Conselleira na II Xornada Científica da AGEFEC do 24 de abril, e de todo o apoio recibido polo Servizo Galego de Saúde e da propia Consellería.
2. Recoñecemento por parte da Conselleira ao traballo que ven desenvolvendo a AGEFEC e o agradecemento pola participación dos seus membros nos distintos grupos de traballo que ten en marcha o Servizo Galego de Saúde.
3. A Conselleira infórmanos que está a **manter reunións con todas as sociedades científicas**, e asociacións profesionais para concienciar a todos os axentes sanitarios da gravidade da situación económica e especialmente no que respecta ao financiamento na Consellería de Sanidade, polo que nos traslada a **petición expresa** de que AGEFEC, dentro das súas posibilidades (web, carta aos socios, reunións de traballo, etc), promova un uso responsable e eficiente de todos os recursos que estean a disposición dos enfermeiros e enfermeiras de atención primaria de Galicia:
 - a. Apagado de luces e ordenadores ao remate da xornada laboral.
 - b. Uso eficiente de apósitos de cura en ambiente húmido, tiras de glicemia, gasas e calquera outro produto sanitario do que fagamos uso.
 - c. Que non deixemos almacenaxe de gasas e apósitos nos domicilios dos pacientes.
 - d. Que se fagan pedidos de material funxible, fármacos e outros produtos sanitarios de forma racional de tal xeito que logo non se teñan que desbotar por caducidade.
4. Por parte da AGEFEC acordamos que se informará a toda a enfermería da gravidade da situación, ao mesmo tempo que lle propoñemos que se

tomen medidas de contención de gasto con outros actores do sistema de saúde, e que se esixa un aumento da prescrición de fármacos xenéricos ao tempo que tamén se debe mandar unha mensaxe a cidadanía da necesidade de que se faga un uso racional dos servizos sanitarios.

A Conselleira fai fincapé en que seguramente e a primeira vez que un Conselleiro/a de Sanidade fai unha petición neste sentido e que a trasladará a todos os actores.

Santiago, 22 de maio de 2010

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Manuel-V. Fernández Fernández', written over a horizontal line.

Asdo. Manuel-V. Fernández Fernández
Presidente de AGEFEC